



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA TRES DE FEBREIRO DE 2012.

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIRO/AS:

PSdeG-PSOE:

D. Antonio Quindimil García.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D. José Fernando García Lesta.

D. Iván Méndez García.

D José María Tojo Espiñeira.

PP:

D. Severino Álvarez Monteserín.

D^a María José Quindimil Suárez.

BNG:

D. José Manuel Raposo López.

Non asiste e se escusa:

D^a María Amparo García Pernas.

SECRETARIO :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 3 de febreiro de 2012, sendo as catorce horas, na sala de sesións da Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Corporación Municipal.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. **APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O DÍA 29 DE NOVEMBRO DE 2011.**

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración do borrador da acta correspondente á sesión sinalada no epígrafe.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación da mesma, adoptándose o acordo por unanimidade dos membros presentes.

2. **APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO 2012. ACORDOS QUE PROCEDAN.**

O Sr. Alcalde da conta da proposta que, de seguido, transcríbese literalmente:

“Visto o Proxecto dos Orzamentos Xerais do Concello para o exercicio económico 2012 formado por esta Alcaldía, de acordo co disposto no artigo 162 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en concordancia co artigo 18 do Real Decreto 500/1990, informado pola Secretaría – Intervención deste Concello e cos documentos os que fai referencia o artigo 166 do Texto Refundido; e vista así mesmo a plantilla de persoal para o exercicio 2012.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

O Presidente da Corporación propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar inicialmente, de conformidade co establecido no artigo 112 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e no artigo 168 do texto refundido, o Orzamento Xeral do concello de Mesía para o exercicio 2012, as súas Bases de Execución e demais documentos obrantes no expediente, e que presenta, como resumo por capítulos orzamentarios, o seguinte desglose. Ademais apróbase inicialmente a plantilla de persoal correspondente o exercicio 2012.

ORZAMENTO XERAL ANO 2012.

ESTADO DE INGRESOS

A) INGRESOS, RESUMES POR CAPÍTULO

1. OPERACIÓN CORRENTES

CAPÍTULO I	IMPOSTOS DIRECTOS	289.000,00 €
CAPÍTULO II	IMPOSTOS INDIRECTOS	50.000,00 €
CAPÍTULO III	TAXAS E OUTROS INGRESOS	215.718,07 €
CAPÍTULO IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.120.750,63 €
CAPÍTULO V	INGRESOS PATRIMONIAIS	16.000,20 €
TOTAL OPERACIÓN CORRENTES		1.691.468,90 €

2. OPERACIÓN DE CAPITAL

CAPÍTULO VI	ENAXENACIÓN INVESTIMENTOS REAIS	0,00 €
CAPÍTULO VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	230.338,77 €
CAPÍTULO VIII	ACTIVOS FINANCIEROS	2.000,00 €
CAPÍTULO IX	PASIVOS FINANCIEROS	0,00 €
TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL		232.338,77 €

TOTAL ORZAMENTO XERAL 1.923.807,67 €

ESTADO DE GASTOS

1. OPERACIÓN CORRENTES

CAPÍTULO I	GASTOS DE PERSONAL	777.147,31 €
CAPÍTULO II	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	773.689,71 €
CAPÍTULO III	GASTOS FINANCIEROS	5.200,00 €
CAPÍTULO IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	53.315,51 €
TOTAL OPERACIÓN CORRENTES		1.609.352,53 €

2. OPERACIÓN DE CAPITAL

CAPÍTULO VI	INVESTIMENTOS REAIS	293.519,95 €
CAPÍTULO VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	- €
CAPÍTULO VIII	ACTIVOS FINANCIEROS	2.000,00 €
CAPÍTULO IX	PASIVOS FINANCIEROS	18.935,19 €
TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL		314.455,14 €

TOTAL ORZAMENTO XERAL 1.923.807,67 €



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

PLANTILLA DE PERSOAL DO CONCELLO DE MESÍA

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Funcionarios	Nº de Prazas	Grupo	Escala o Sector	Nivel	Situación
Secretario- Interventor	1	A1/A2	HE	28	Propiedade
Administrativo	1	C1	A.Xeral	22	Propiedade
Administrativo	1	C1	A. Xeral	20	Propiedade
Aux. Administrativo	1	C2	A.Xeral	18	Vacante
Subalterno	1	E	A.Xeral	14	Propiedade

B) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Denominación	Nº de Prazas	Vacantes
Técnico especialista en redes	1	0
Peón-condutor	3	2
Asistente domiciliaria	1	0
Encargada da limpeza	1	0
Limpadora	2	0
Conserxe do colexio	1	0
Peón	2	1
Auxiliar axuda no fogar	17	1
Electricista	1	0
Monitor deportivo	1	0
Traballadora social	1	0
Educadora familiar	1	0
Auxiliar servizos sociais	2	0
Técnico de emprego	1	0
Animador deportivo	1	0
Socorristas	2	2

D) PERSOAL EVENTURAL

Denominación	Nº de Prazas	Vacantes
Persoal de confianza	1	1

Segundo. Expor o público o expediente e darlle a publicidade establecida no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, publicando o pertinente anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, ós efectos de que no prazo dos quince días seguintes a súa publicación poidan examinalo os interesados e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro. O presente acordo entenderase aprobado definitivamente se durante o prazo de exposición ó público non se presentan reclamacións. Neste caso procederase a súa publicación, debidamente resumido por capítulos, no BOP. Se se presentasen reclamacións, serán resoltas polo Pleno

En Mesía, a 30 de xaneiro de 2012. O ALCALDE, Asdo. Mariano Iglesias Castro."

Manifesta o Sr. Alcalde que este orzamento elaborouse cumprindo todas as esixencias legais e procurando que sexa realista, austero e eficiente. O seu importe ascende a 1.923.807,67 euros, 302.913,59 euros menos que o do ano anterior, que ven sendo un 13,5 por cento menos. A baixa é consecuencia fundamentalmente da merma nas transferencias correntes e de capital procedentes doutras administracións. En todo caso, procuramos



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

axustalo á realidade para que sexa un documento operativo, aínda que se trate dunha previsión. Na liquidación comprobarase a súa efectiva execución.

Analizando un pouco polo miúdo, en canto a ingresos, en impostos directos e indirectos prevense 289.000,00€ e en impostos indirectos 50.000,00€, cantidades moi similares ó ano pasado. No capítulo III, taxas e outros ingresos, prevense 215.718,07€, destacando un incremento de vinte mil euros sobre o ano pasado debido ó establecemento das novas taxas que vostedes coñecen porque se aprobaron neste pleno. En transferencias correntes sufrimos unha diminución de noventa mil euros, quedando o capítulo correspondente cunha dotación de 1.120.750,63€. En ingresos patrimoniais, 16.000,20€, incrementáanse moi pouco os do ano pasado. En canto ás transferencias de capital sufrimos unha merma de douscentos trinta e dous mil euros, debido á practicamente nula aportación de entidades supramunicipais.

En canto ós gastos, no gasto corrente debe destacarse unha redución de cento setenta e dous mil euros no capítulo de persoal, adicándose máis recursos a gasto en bens correntes e servizos, uns cento trece mil euros máis que o ano pasado, quedando este capítulo en 773.689,71€. Dótase así mesmo a correspondente partida para costear os intereses do préstamo do concello con 5.200,00€. Podo dicirles que si a os gastos correntes restámoslles os ingresos correntes xeramos un aforro superior en quince mil euros ó do ano pasado. No capítulo de inversións, a partida dótase con 293.519,95€, o que supón unha merma de douscentos dezasete mil euros respecto do ano pasado.

En canto a plantilla de persoal, hai corenta e cinco persoas, é levemente inferior á do ano pasado, e a masa salarial non se incrementa en contía algunha.

No anexo de inversións contéplase unha obra nas Brañas da Valga, actuacións en alumeadado público, unha partida en materia de urbanismo para facer fronte a posibles subvencións, acometidas na rede de distribución de auga do POS en Cabrui, o arranxo na escola de Cabrui, instalacións deportivas a reparación da casa consistorial e un convenio coa Deputación para a adquisición dun equipo de rego.

En canto ó crédito que debe o concello ata o ano 2023, débense douscentos dezanove mil euros.

En conclusión, trátase dun documento axustado á realidade, que tratamos de que sexa unha ferramenta útil, e que nos permita facer case o mesmo que o ano pasado pero con menos recursos para evitar que os veciños se vexan afectados, polo menos, na menor medida posible. Paso agora a palabra ós voceiros dos grupos municipais, para que manifesten o que estimen oportuno.

Toma a palabra o Sr. Raposo, quen manifesta que nos estamos en contra destes orzamentos, faríamos outros diferentes, parécenos excesivo o gasto de persoal, así como o gasto en bens correntes e servizos.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Toma a palabra o Sr. Álvarez, quen agradece o desglose feito polo Sr. Alcalde, pero coincido coa apreciación do BNG, no senso de que estes modelos de xestión son insostibles ó noventa e cinco por cento, xa que estanse a dedicar case oitocentos mil euros ó capítulo de persoal e un millón e medio de euros en total para gasto corrente, o que ven sendo uns douscentos cincuenta millóns das antigas pesetas nun concello de tres mil habitantes. Non estamos en contra destes orzamentos pero si ímonos abster.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, quen manifesta que son respectuoso coas súas apreciacións, pero debo dicirle ó Sr. Raposo que non me parece o máis correcto que cuestione o fomento do emprego nestes momentos. Eu síntome orgulloso de que o concello sexa a segunda empresa do municipio e de que baixe o paro en Mesía, e, por outra banda, o que se gasta en bens e servizos, é para o pobo, para a cidadanía, aquí ninguén traballa para o alcalde.

En canto ó manifestado polo Sr. Álvarez, teño un documento da Deputación no que se sinala que a situación dende o punto de vista financeiro deste concello é excelente, e estamos nos primeiros postos na comparativa con outros concellos, así que a súa apreciación paréceme relativa. Manifesta o Sr. Álvarez que as cifras poden interpretarse de moitos xeitos e a argumentación da creación de emprego responde a un modelo caduco, o que hai que facer é crear as condicións para que as empresas xeren emprego. Resposta o Sr. Alcalde que si fora así non estaría a Sra. Mato destinando diñeiro ó fomento do emprego.

Manifesta o Sr. Raposo que para qué se fai o gasto de obradoiro de emprego. Cánta xente hai traballando en empresas privadas ou como autónomos. Resposta o Sr. Alcalde que o obradoiro está financiado pola Xunta, e que haxa trece familias que poden percibir ingresos paréceme ben, non sei si preferiría vostede que se fixera noutro concello.

Manifesta o Sr. Raposo que eu, na miña empresa, plantéxome se podo ter dez empregados Resposta o Sr. Alcalde que si non fose viable ter o persoal que temos non pagaríamos como pagamos nin prestaríamos os servizos que prestamos. Vostede non coñece o que fan os traballadores do concello, os servizos sociais asisten a setenta e pico fogares, a infraestrutura viaria hai que mantela e eu, como comprenderá, non vou desbrozar. Aquí ninguén traballa para o Alcalde.

Non habendo máis intervencións, o asunto é sometido a votación e obtense o seguinte resultado: sete votos a favor, correspondentes ós sete concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, dous abstencións correspondentes ós dous concelleiros do PP e un voto en contra correspondente ó concelleiro do BNG.

3. APROBACIÓN INICIAL REGULAMENTO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBÁNS DO CONCELLO DE MESÍA.

O Sr. Alcalde da conta da proposta que, de seguido, transcríbese literalmente:



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

“PROPOSTA Ó PLENO

REGULAMENTO DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS NO CONCELLO DE MESÍA.

D. Mariano Iglesias Castro, Alcalde do concello de Mesía, resultando que o concello carece de normativa nesta materia, de conformidade co artigo 22.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, propónse ó pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o REGULAMENTO DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS NO CONCELLO DE MESÍA, que se transcribe como anexo ó presente acordo.

SEGUNDO: De conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, proceder ó trámite de información pública polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Se os interesados presentasen reclamacións ou suxestións serán resoltas polo Pleno. No caso de que non se presentasen reclamacións ou suxestións, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, procedéndose á publicación do texto íntegro do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

Anexo:

REGULAMENTO DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS NO CONCELLO DE MESÍA.

TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1º.- Fundamento legal.

O presente regulamento ten como fundamento legal a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local; así como as normas relativas ó medio ambiente e recollida selectiva de envases e residuos de envases. Así mesmo, trata de establecer o réxime xurídico do servizo público de recollida de residuos, declarando que se trata dunha actividade cuxo exercicio corresponde ó Municipio en base á atribución que leva a cabo o art. 26.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

Artigo 2º.- Obxecto.

1. O presente Regulamento ten por obxecto a regulación xeral, dentro do marco de competencias atribuídas pola lexislación citada ó Concello de Mesía, de tódalas actuacións dirixidas a conseguir as adecuadas condicións de recollida de residuos sólidos urbanos, e fomentar actitudes encamiñadas á redución, reutilización e reciclaxe dos residuos.

2. En materia tributaria e de recadación os servizos rexeranse polo establecido no Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobada por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e, en especial, pola Ordenanza Fiscal vixente en cada momento aprobada polo Concello de Mesía.

Artigo 3º.- Concepto de residuos urbanos.

1. Aos efectos deste regulamento considéranse residuos urbanos os xerados nos domicilios particulares, comercios, oficinas e servizos, así como todos aqueles que non teñan a cualificación de perigosos e que, por súa natureza ou composición, podan asimilarse ós producidos nos anteriores lugares ou actividades.

TÍTULO II. RECOLLIDA DE RESIDUOS URBANOS

Artigo 4º.- Recollida de residuos.

A recollida de residuos urbanos será establecida polo servizo municipal competente, coa frecuencia e horario que se consideren oportunos, dando a publicidade necesaria para coñecemento dos veciños.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Artigo 5º.- Aproveitamento de residuos.

Ningunha persoa física ou xurídica poderá dedicarse á recollida, transporte ou aproveitamento dos residuos urbanos, calquera que sexa súa natureza, sen a previa autorización municipal.

Artigo 6º.- Presentación dos residuos

1. A presentación dos residuos farase obrigatoriamente en bolsas de plástico pechadas, que posteriormente se depositarán nos contedores que o Concello destine a tal efecto, ou da forma que este determine.

2. En consecuencia, queda terminantemente prohibido depositar o lixo nas rúas e beirarrúas fóra dos contedores ou dos sistemas e horarios establecidos polo Concello, así como sacar as bolsas á vía pública fóra do horario fixado, tanto no caso de que non se prestase aínda o servizo de recollida, como si xa se efectuase este.

Artigo 7º.- Horarios de recollida.

1. As bolsas de residuos deberán ser sacadas á vía pública no horario establecido polo servizo.

2. O servizo municipal competente poderá propoñer a modificación dos horarios de recollida de lixo, que se comunicará ós veciños mediante Bando da Alcaldía.

Artigo 8º.- Lugares accesibles para a contenerización.

En zonas peonís, pobos, barrios ou urbanizacións con rúas interiores en que non poda acceder o vehículo de recollida ós portais ou entradas das fincas, os contedores deberán de emprazarse en lugares accesibles a dito vehículo.

Artigo 9º.- Residuos comerciais ou consecuencia de actividades industriais, empresariais, etc.

1. Os establecementos comerciais deberán sacar seus residuos sólidos urbanos ou asimilables en bolsas de lixo perfectamente pechadas, que serán depositadas nos contedores situados na vía pública, ou na forma establecida polo Concello.

2. Os residuos procedentes destes establecementos deberán permanecer nos contedores o menor tempo posible, polo que se poderán sacar no momento inmediatamente anterior á súa recollida, ou no seu caso ó peche de ditos establecementos.

3. Os propietarios ou responsables de quioscos, mercadillos e postos autorizados, cafés, bares e establecementos análogos, así como expendedores de tabaco ou lotería, estarán obrigados a manter limpo o espazo onde desenroten súas actividades e súas zonas mais próximas, debendo instalar pola súa conta e cargo os medios necesarios (papeleira e contedores) para manter este entorno nas adecuadas condicións de limpeza. Os residuos producidos, unha vez recollidos, eliminaranse conxuntamente cos residuos domiciliarios.

4. Rematada a carga e descarga de calquera vehículo, procederase a limpar toda a zona pública que fora enlizada durante a operación, retirando desta os residuos vertidos.

Están obrigados ó cumprimento deste precepto os usuarios ou as empresas propietarias dos vehículos e, subsidiariamente, os responsables dos establecementos ou fincas nas que se efectuase a carga ou descarga.

5. Os propietarios e condutores de vehículos que transporten terras, escombros, materiais pulverulentos, áridos, formigón, cartóns, papeis ou calquera outra materia similar, deberán de tomar cantas medidas sexan precisas para cubrir tales materiais durante o transporte e evitar que, a causa de súa natureza ou por efecto da velocidade do vehículo ou acción do vento, se verta sobre a vía pública auga, po, ou parte dos materiais transportados. Así mesmo, antes de saír das obras, deberán de lavarse os baixos e rodas dos vehículos co fin de evitar que enlizen as vías públicas.

6. Os residuos procedentes de actuacións festivas de calquer tipo, deberán depositarse en contedores específicos contratados polos empresarios ó efecto; estes asumirán tódolos custos que conleven, así como a recollida de cartelería e demais que podan quedar situados na vía pública.

Artigo 10º.- Residuos en cantidades anormais.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Se unha persoa ou entidade pública ou privada tivera, por calquera motivo, que desprenderse de residuos en cantidades maiores ás que constitúen a produción diaria normal, non poderán presentalos conxuntamente cos residuos habituais. Nestes casos procederase por medios propios á xestión dos mesmos.

Artigo 11º.- Recollida de escombros.

1. Os escombros ou desfeitos procedentes de obras ou derrubos, así como as terras procedentes de baleirado ou movementos de terras, deberán de eliminarse con medios propios polos interesados, que os depositarán nos lugares específicos destinados a este fin.

2. Os escombros a que se refire este artigo so poderán depositarse na vía pública utilizando para elo contedores adecuados, para cuxa instalación haberá de solicitarse autorización ó Concello e cumprir os requisitos e condicións establecidos por este, debendo permanecer baleiros durante a fin de semana. Non sobresaíndo destes en ningún caso ningún residuo. Debendo permanecer tapado todo o tempo que sexa posible.

3. Cando os contedores se atopen cheos de escombros procederase, nun prazo non superior a 48 horas, a súa retirada e substitución por outros baleiros.

4. Cando se realicen pequenas obras na vía pública, os materiais sobrantes e os escombros deberán ser retirados dentro das vinte e catro horas seguintes ó remate dos traballos, deixándoos mentres tanto debidamente apilados ou amontoados, de xeito que non se perturbe a circulación de peóns e de vehículos.

5. Nas obras nas que se produzan cantidades de escombros superiores a un metro cúbico, deberán de utilizar, para seu almacenamento na vía pública, contedores específicos amparados pola correspondente autorización, realizándose a retirada destes pola empresa responsable dos contedores e facéndose cargo de tódolos gastos os responsables das obras.

Artigo 12º.- Outros vertidos.

Nos contedores de escombros non poderán verterse outro tipo de residuos, e seu contido non deberá exceder da rasante establecida por seu límite superior.

Artigo 13º.- Escorias e cinzas.

As escorias e cinzas de calefaccións de edificios depositaranse, frías, en recipientes adecuados para seu posterior vertido nos contedores de recollida, sendo responsable do posible deterioro destes a comunidade de veciños ou, no seu defecto, os veciños do edificio.

Artigo 14º: Recollida de material férrico.

As persoas que desexen desprenderse de tales elementos deberán depositalos no día e lugares de recollida que se sinale polo concello a través dos bandos correspondentes. Artigo 15º: Recollida de electrodomésticos.

As persoas que desexen desprenderse de tales elementos deberán depositalos no día e lugares de recollida que se sinale polo concello a través dos bandos correspondentes.

Artigo 16º.- Vidro, papel, cartón e pilas.

1. As botellas e demais enseres de vidro depositaranse nos contedores ó efecto habilitados para elo polo Concello.

2. Os papeis, cartóns e pilas, ou calquera outra fracción que o Concello determine, depositaranse nos contedores de recollida selectiva especialmente destinados a este fin. Non debendo en ningún caso ser depositados fóra deste, sen pregar, asumindo o depositario toda a responsabilidade derivada destes depósitos externos.

Artigo 17º.- Clasificación dos residuos.

Os cidadáns están obrigados a efectuar a clasificación domiciliaria dos seus residuos en aquelas fraccións que podan ser determinadas polo Concello, así como a efectuar o depósito das mesmas nos contedores ou sistemas habilitados ó efecto que teña establecidos Concello.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Artigo 18º. - Colaboración cidadá.

Os cidadáns prestarán súa colaboración en aqueles outros sistemas de recollida selectiva que podan ser establecidos polo Concello, tales como puntos limpos, recollidas especiais, etc.

Artigo 19º.- Prohibicións.

Queda prohibido realizar calquera operación que poda enlizar as vías e espazos públicos e de forma especial:

1. Depositar escombros e residuos en terreos ou zonas que non estean autorizados polo Concello mediante a oportuna licenza ou autorización de depósito ou vertedoiro, sendo responsables do incumprimento o titular da parcela, as persoas que o realicen, e, en caso de ser transportados co vehículos, os propietarios destes.

2. Depositar na vía pública toda clase de escombros procedentes de obras de construción e remodelación de edificios ou de obras realizadas no interior dos mesmos, sexa na totalidade ou nalgún dos seus locais ou vivendas.

3. Almacenar na vía pública, fóra dos límites da vaia protectora das obras, materiais de construción tales como ladrillos, cemento, area, etc.

4. Depositar escombros, arroxar lixo ou efectuar calquera clase de vertidos nos cauces dos ríos ou nas súas marxes, a seu paso polo termo municipal.

5. Desprazar ou manipular contedores situados na vía pública sen autorización expresa do Concello.

6. Lavar ou limpar vehículos, así como cambiar ós mesmos o aceite e outros líquidos.

7. Efectuar na vía pública reparacións de vehículos ou montaxes e utilizar esta como zona de almacenamento de materiais ou produtos de calquera tipo.

8. Facer publicidade ou propaganda de calquera tipo cando elo supoña a colocación de carteis fóra dos lugares expresamente destinados a este fin, ou o reparto de folletos e follas soltas nos espazos urbanos, a excepción de aqueles casos de recoñecido e significado interese público e cuxa autorización deberá ser concedida pola Alcaldía.

9. Depositar escombros ou arroxar lixo nas vías e espazos públicos.

10. Colocar ou fixar carteis e realizar inscricións ou pintadas en fachadas, muros, paredes, vaías, verxas, quioscos, cabinas, contedores, papeleiras, farolas, sinais de tráfico, etc.

11. Arrancar, rasgar ou enlizar os carteis, rótulos ou anuncios situados nos emprazamentos autorizados pola Administración Municipal.

12. Depositar nos espazos públicos mobles, enseres e todo tipo de obxectos similares, para que sexan retirados polos camións que realicen a recollida dos residuos domiciliarios.

13. Abandonar cadáveres de animais de toda especie en calquera clase de terreo, así como arroxalos ós ríos, sumidoiros ou alcantarillas, ou enterralos ou inhumalos en terreos de propiedade pública.

A sanción por incumprimento desta norma será independente das responsabilidades que estean previstas na normativa de orde sanitario.

TÍTULO III. TRATAMENTO DOS RESIDUOS

Artigo 20º.- Tratamento dos residuos.

1. Os depósitos ou vertedoiros destinados ó tratamento e/ou eliminación de residuos urbanos serán de exclusiva competencia da Administración Local, e en canto a súa situación, instalación, forma de vertido e funcionamento darase cumprimento a canto establezan as disposicións vixentes sobre esta materia.

2. Todo vertedoiro que non cumpra co establecido no punto anterior, será considerado clandestino e inmediatamente clausurado, sen prexuízo das sancións previstas e das responsabilidades a que houbera lugar.

3. As instalacións industriais dedicadas á eliminación ou aproveitamento dos residuos, nas súas formas de reciclado, valorización, etc., rexeranse polo establecido nas vixentes normas sobre a materia.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

TÍTULO IV. RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 21º.- *Concepto e clasificación.*

1. *Considéranse infraccións administrativas en relación coas materias que regula este Regulamento os actos ou omisións que contraveñan o establecido nas normas que integran seu contido.*
2. *As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves, conforme se establece nos artigos seguintes.*
3. *Ditas infraccións serán sancionadas pola Alcaldía-Presidencia, tras a tramitación do correspondente expediente.*

Artigo 22º.- *Acto sancionable.*

Ós efectos do establecido no artigo anterior, terá a consideración de acto independente sancionable cada actuación, separada no tempo ou no espazo, que resulte contraria ó disposto neste Regulamento, sendo imputables as infraccións ás persoas físicas ou xurídicas que resulten responsables dos actos ou omisións que contraveñan o mesmo.

Artigo 23º.- *Procedemento sancionador.*

1. *O procedemento iniciarase de oficio polo propio Concello, en virtude da súa función inspectora e de comprobación, ou a instancia de parte mediante a correspondente denuncia presentada por escrito.*
2. *No non previsto neste Regulamento, estarase ó disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común e Regulamento do procedemento para ó exercicio da potestade sancionadora, aprobado por Real Decreto 1398/ 1993, de 4 de agosto e Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/ 1986, de 28 de novembro.*
3. *Toda persoa natural ou xurídica, poderá denunciar ante o Concello, calquera infracción do presente Regulamento.*
4. *Recibida a denuncia, incoarase o oportuno expediente en averiguación dos feitos denunciados, seguíndose os trámites indicados na lexislación indicada e coa adopción das medidas cautelares necesarias, hasta a resolución final.*

Artigo 24º.- *Infraccións leves.*

Constitúen infraccións leves o incumprimento do preceptuado en:

- *O apartado 11 do artigo 19º,*
- *Calquera outras actuacións ou omisións do presente regulamento que non teñan a cualificación de grave ou moi grave.*

Artigo 25º.- *Infraccións graves.*

Constitúen infraccións graves a reiteración de tres infraccións leves e o incumprimento do preceptuado en:

Os artigos 6º, 7º, 10º, 11º, 12º, 13º, 14º, 15º, 16º, nos apartados 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 12 e 13, do artigo 19º.

Artigo 26º.- *Infraccións moi graves.*

Constitúen infraccións moi graves, a reiteración de tres infraccións graves e o incumprimento do preceptuado en: Os artigos 5º, 9º, o apartado 1 do artigo 19º, 20º.2, non facilitar información ó Concello sobre o orixe, cantidade e/ou características dos residuos que podan producir problemas na súa manipulación, transporte ou tratamento, así como proporcionar datos falsos ou impedir ou obstruír a labor inspectora municipal.

Artigo 27º.- *Sancións.*

1. *Sen prexuízo de esixir, cando proceda, as responsabilidades de carácter penal ou civil correspondentes, as infraccións ós preceptos do presente Regulamento serán sancionadas do seguinte xeito:*



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

- 1) *Infraccións leves: multa de hasta 750,00 euros.*
 - 2) *Infraccións graves: Multas desde 750,01 euros hasta 1.500,00 euros.*
 - 3) *Infraccións moi graves: Multa desde 1.500,01 euros hasta 3.000,00 euros.*
2. *Sen prexuízo do anterior, os incumprimentos nesta materia que impliquen infracción das prescricións establecidas na Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, e disposicións complementarias, poderán ser obxecto de sanción nos termos que determine o réxime sancionador previsto na mesma.*

Artigo 28º.- Graduación das sancións.

1. *Para graduar a contía e alcance das sancións atenderase á natureza da infracción, reincidencia, así como aqueles outros elementos que podan considerarse atenuantes ou agravantes.*

2. *A ditos efectos, será considerado reincidente quen houbera incorrido nunha ou mais infraccións de igual ou similar natureza nos 12 meses anteriores.*

DISPOSICIÓN FINAIS

Disposición final primeira

A prestación dos servizos a que se fai referencia neste regulamento quedará suxeita ó pago dos dereitos, taxas e/ou prezos regulados mediante as oportunas ordenanzas e acordos municipais.

Disposición final segunda

A promulgación futura de normas con rango superior ó deste regulamento, que afecten ás materias reguladas na mesma, determinará a aplicación automática de aquelas e a posterior adaptación da ordenanza no que fora necesario.

Disposición final terceira

A Alcaldía, no exercicio de súas competencias, poderá desenvolver calquera dos artigos do presente regulamento mediante bandos de aplicación xeral.

Disposición final cuarta

O presente regulamento entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas."

En Mesía, 30 de xaneiro de 2012 O Alcalde, Mariano Iglesias Castro"

Manifesta o Sr. Alcalde que preséntase este regulamento ós efectos de establecer unha normativa municipal na materia. Axústase ó tipo de ordenanza que acostumaran a ter os concellos. Si alguén quere manifestar algunha cuestión ó respecto, céddolle a palabra.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, obtense o seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

4. APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLOS SERVIZOS DE PODOLOXÍA E FISIOTERAPIA DO CONCELLO DE MESÍA.

O Sr. Alcalde da conta da proposta que, de seguido, transcríbese literalmente:

"PROPOSTA Ó PLENO



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

D. Mariano Iglesias Castro, Alcalde do concello de Mesía, entendendo de interese para este concello o establecemento dos servizos de podoloxía e fisioterapia, de conformidade co artigo 41 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 22.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, propónse ó pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Establecer o prezo público pola prestación dos servizos de fisioterapia e podoloxía deste concello de Mesía e aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación dos servizos de fisioterapia e podoloxía que se transcribe como anexo do presente acordo.

SEGUNDO: De conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, proceder ó trámite de información pública polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Se os interesados presentasen reclamacións ou suxestións serán resoltas polo Pleno. No caso de que non se presentasen reclamacións ou suxestións, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, procedéndose á publicación do texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

Anexo

ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLOS SERVIZOS DE FISIOTERAPIA E PODOLOXÍA DO CONCELLO DE MESÍA.

1.- OBXECTO:

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación có Capítulo 6 do Título 1, artigos 41 a 47 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, este Concello establece o prezo público polos Servizos de fisioterapia e podoloxía, especificado na cláusula 6, que se rexerá pola presente normativa.

Trátase de servizos relacionados có tratamento fisoterapéutico e de podoloxía dirixido ás persoas maiores e a persoas con discapacidade de cara o mantemento da capacidade física e redución das perdas funcionais, de acordo co disposto no artigo 21 da lei 39/2006 do 14 de decembro de Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia no que se contempla a finalidade de previr a aparición ou agravamento de enfermidades ou discapacidades mediante o desenvolvemento de programas específicos de carácter preventivo e de rehabilitación dirixidos ás persoas maiores e ás persoas con discapacidade.

A prestación destes servizos está enmarcada dentro do programa de atención primaria especializada dirixido ó colectivo de persoas con dificultades de autonomía ou con risco de dependencia (persoas maiores e discapacitadas). A actividade desenvolverase nas dependencias municipais habilitadas ó efecto, en horario fixado pola Alcaldía. O persoal do servizos nunca será considerado persoal do Concello de Mesía e terá as titulacións ou formación necesaria conforme a normativa aplicable para a prestación destes servizos.

2.- PRESTACIÓNS :

Tratamento fisoterapéutico e podolóxico seguindo tres liñas de actuación: como medida preventiva en situacións de vulnerabilidade; como medida rehabilitadora; como medida de mantemento das capacidades funcionais.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

3.- OBRIGADOS O PAGO :

Colectivo de persoas beneficiarias dos servizos con dificultades de autonomía para o desenvolvemento de actividades básicas da vida diaria ou persoas maiores en estado de vulnerabilidade de perda de autonomía.

Son requisitos para ser beneficiario do servizo:

- Estar empadroado no Concello.*
- Haber residido cinco anos en territorio español e os dous últimos inmediatamente anteriores a data de solicitude, de acordo co establecido no artigo 5 da Lei 39/2006 de 14 de decembro de Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia. E reunir unha das seguintes condicións:*
- Ter máis de 65 anos*
- Ter unha minusvalía superior ó 65% ou invalidez absoluta.*
- Ser pensionista do sistema público de pensións con 60 anos cumpridos.*

4.- XESTIÓN E TRAMITACIÓN:

A entidade local a través do Departamento de Servizos Sociais, asume a responsabilidade de planificación, control e xestión do servizo.

Os usuarios deste servizo deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello a correspondente solicitude no modelo oficial que será facilitado no departamento de servizos sociais. As solicitudes deberán presentarse e deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI.*
- Certificado de empadramento e convivencia.*
- Declaración da Renda do último exercicio ou certificado da Axencia Tributaria do nivel de rendas.*
- Calquera outro tipo de documento que se considere necesario para a xustificación da situación.*
- Informe médico do servizo público de saúde no que se acredite a necesidade ou conveniencia de recibir este tratamento como medida preventiva, rehabilitadora ou de mantemento.*
- Certificado de valoración de dependencia, se é o caso.*
- Certificado de minusvalía, ou xustificante de invalidez absoluta ou gran invalidez, se é o caso.*

Se as solicitudes non reunisen os requisitos establecidos, o Concello, conforme o artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirá ó interesado para que no prazo de dez días emende os erros detectados con indicación de que se así non o fixese terase por desistida a súa petición, e arquivarase sen máis trámites.

No Departamento de Servizos Sociais farase a correspondente valoración técnica ós efectos de proceder á alta no servizo.

Todas as solicitudes serán tramitadas e, de non poder asumirse todas, serán incluídas na lista de espera, ou para o cubrir as prazas vacantes.

5.- CRITERIOS PARA SER BENEFICIARIO DOS SERVIZOS DE FISIOTERAPIA E PODOLOXÍA:

A necesidade estimarase en función de:

- 5.1.- A necesidade do tratamento de fisioterapia ou podoloxía que se acreditará mediante informe médico do servizo público de saúde.*
- 5.2.- O nivel e grao de dependencia ou minusvalía.*
- 5.3.- Situación socio-económica. Serán preferentes:*
 - Solicitantes que viven sos ou unidades familiares integradas unicamente por solicitantes que reúnen os requisitos.*
 - Solicitantes de menores ingresos.*



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

- Os pensionistas de 60 a 65 anos que non teñan a condición de minusválido ou valoración de grao e nivel de dependencia serán considerados non preferentes, pasarán a lista de espera.

6.-CONTÍA E PAGO :

O custo dos servizos queda establecido en:

.- 7€ a sesión de 30 minutos para fisioterapia.

.- 5€ a sesión de 30 minutos para podoloxía.

Forma de pago: As liquidacións practícaranse mediante emisión de bonos que serán recollidos no concello, unha vez comunicada a concesión do/s servizo/s, ingresándose na conta do concello o prezo público correspondente ó número de bonos emitidos para o período concedido, sendo causa de extinción do servizo a falta de pago e a non asistencia non xustificada, e non procedendo neste caso a devolución do importe.

7.- DISPOSICIÓN FINAL:

A presente ordenanza aprobouse inicialmente en sesión plenaria de data 3 de febreiro de 2012 e entrará en vigor logo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

En Mesía, 30 de xaneiro de 2012. O Alcalde, Asdo./Mariano Iglesias Castro"

Manifesta o Sr. Alcalde que este servizo vense prestando dende hai dous anos ata hoxe gratuitamente, resultando beneficiarios do servizo trescentos trinta e dous usuarios de podoloxía e cento corenta de fisioterapia. Os prezos que se propoñen son módicos e non cobren o custe do servizo, sendo semellantes ós prezos de mercado. Pásolle a palabra ós voceiros dos grupos por se queren manifestar algo ó respecto.

Toma a palabra o Sr. Raposo, quen manifesta que non estou de acordo e gustárame que siga sendo gratuío.

Toma a palabra o Sr. Álvarez, quen manifesta que a min tamén me gustaría, pero sería contradictorio co que dixen anteriormente, os prezos non me parecen ningunha sangría comparado co que hai fora e parécenos razoable, sen prexuízo de ter en consideración as situacións de necesidade.

Manifesta o Sr. Alcalde que así será e agradezo as súas verbas, e coincido tamén co Sr. Raposo xa que a min tamén me gustaría que fose gratuío, pero eu teño a obriga de gobernar e vostede simplemente dedícase a criticar.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado: nove votos a favor, correspondentes ós sete concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e ós dous concelleiros presentes do PP, e un voto en contra correspondente ó concelleiro do BNG.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

5. DETERMINACIÓN DA FORMA DE XESTIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANS E DURACIÓN DA MESMA.

O Sr. Alcalde pásalle a palabra ó Secretario que fai lectura da proposta, da que o seu teor literal di

“PROPOSTA Ó PLENO

Resultando que é necesario proceder á contratación da xestión do servizo de recollida de residuos sólidos urbans neste concello.

Visto que o artigo 22.2.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establece que ó Pleno, entre outras, as seguintes atribucións: “La aprobación de las formas de xestión de los servizos y de los expedientes de municipalización.”

Visto que o artigo 47.2. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, esixe o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da corporación para a adopción de acordos, entre outras, nas seguintes materias: “j) Concesión de bens ou servizos por máis de cinco anos, sempre que a súa contía exceda do 20 % dos recursos ordinarios do presuposto”, e “k) Aprobación da forma concreta de xestión do servizo correspondente.”

Considerando que o custe anual do servizo de recollida de lixo ascende a 69.827,01€ máis 5.586,16€ correspondentes ó 8% de IVE; e tendo en conta que os recursos por operacións correntes do orzamento correspondente ó exercicio 2012, que a data de hoxe é o do exercicio 2011 prorrogado, ascenden a 1.761.703,91€, supoñendo o 20% a cantidade de 352.340,78€.

Considerando que a licitación do servizo por sete anos prorrogables por outros sete anos suporía un custe que excedería do 20% dos recursos ordinarios do presuposto.

De conformidade cos artigos 22.2.f) e 47.2.j) e k) proponho ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Acordar como forma de xestión do servizo de recollida de residuos sólidos urbans a xestión indirecta, e dentro desta, a concesión, nos termos recollidos nas disposicións aplicables da Lei 7/1985, de 2 de abril, e no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, mantendo o concello a titularidade do servizo.

SEGUNDO: Acordar a concesión por un período de tempo de sete anos prorrogables por outros sete anos, sendo o órgano de contratación a Xunta de Goberno Local, de conformidade coa Disposición Adicional Segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, e o acordo de delegacións de competencias deste Pleno na Xunta de Goberno Local de data 24 de xuño de 2011.

En Mesía, a 30 de xaneiro de 2012. O Alcalde, “

Manifesta o Sr. Alcalde que neste tema había un convenio do concesionario coa Mancomunidade dende 1990 que foi prorrogado ata 2010. A día de hoxe, salvo Oroso e Ordes que xa contrataron o servizo, os demais concellos estamos fora e, dado o montante



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

do contrato, débese realizar o correspondente procedemento e adoptar os correspondentes acordos.

Pregunta o Sr. Álvarez polo prazo de sete anos proposto, respostando o Sr. Alcalde que non se esgota o prazo legal posible xa que, dada a evolución destes sectores, é bo dispor dunha marxe de actuación polo que poda deparar o futuro.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes, maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

6. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. EXPTE RE 1/2012.

O Sr. Alcalde da conta da proposta que, de seguido, transcríbese literalmente:

“PROPOSTA Ó PLENO DE APROBACIÓN DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

D. Mariano Iglesias Castro, Alcalde do concello de Mesía, tendo en conta a existencia de facturas e obrigas pendentes de pago correspondentes a exercicios anteriores.

Considerando, de conformidade co disposto no artigo 176 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, que con cargo ós créditos do estado de gastos de cada orzamento só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que, nembargantes, o artigo 26.2.c) do Real decreto 500/90, en relación co artigo 60.2 do mesmo texto legal, permite imputar ó exercicio corrente as obrigas procedentes de exercicios anteriores derivadas do recoñecemento extraxudicial de créditos.

Visto o informe da Intervención incorporado ó expediente.

De conformidade coa base 14ª de execución do orzamento de 2011, prorrogado para o 2012, e os artigos 26.2.c) e 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril propono ao Pleno a adopción do seguinte Acordo:

PRIMEIRO. *Aprobalo recoñecemento dos créditos correspondentes a exercicios anteriores que se relacionan de seguido:*

TERCEIRO	DATA FACT.	Nº. FACT.	CONCEPTO	IMPORTE €	APLIC
ARTURO PARDO VILARIÑO	12/12/2011	243	DESHUMIFICADOR PARA A CASA DA CULTURA	178,99€	9.22
DIEXFE	31/12/2011	2778	MATERIAIS ELECTRICOS	628,23€	1.22
JOSE MANUEL LOURO LOPEZ	30/12/2011	287	REPARACIÓN MAQUINARIA CONCELLO TRACTOR RENAULT	143,10€	4.21



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

METALICAS VISANTOÑA, S.L. (MEVISA)	29/12/2011	543	SUBMINISTROS MATERIAIS VARIOS PARA SOPORTES PUNTOS DE LUZ, ETC.	374,84€	1.22
CORREOS Y TELEGRAFOS	31/12/2011	4000840294	FRANQUEO PAGADO MES DECEMBRO 2011	644,06€	9.22
SOGAMA	31/12/2011	3308	TRATAMENTO DE RU MES DECEMBRO 2011	3.618,23€	1.22
CIDE HCENERGIA	14/12/2011	1CSN1112000378 87	FLUIDO ELECTRICO PISCINA MUNICIPAL PERIODO FACTURACION MES NOV 2011	265,71€	3.22
CIDE HCENERGIA	14/12/2011	1CSN1112000378 88	FLUIDO ELECTRICO COLEXIO PUBLICO XANCEDA PERIODO FACT. MES NOVIEMBRE 11	1.333,84€	3.22
CIDE HCENERGIA	14/12/2011	1CSN1112000381 91	FLUIDO ELECTRICO CENTRO SAUDE XANCEDA. PERIODO FACT. NOVIEMBRE 2011	161,74€	3.22
CIDE HCENERGIA	14/12/2011	1CSN1112000381 92	FLUIDO ELECTRICO CASA DA CULTURA PERIODO FACTURACION NOVIEMBRE 2011	195,83€	9.22
SERVICIOS OBRAS Y LIMPIEZAS, S.A.	23/06/2011	11/0192	20 CONTENEDORES DE 800 LITROS E 5 PORTES	4.233,13€	1.22
SOGAMA	31/08/2011	2121	TRATAMENTO DE RU AGOSTO 2011	4.811,31€	1.22
SOGAMA	29/12/2011	2362	TRATAMENTO DE RU SETEMBRO 2011	4.101,87€	1.22
SOGAMA	31/10/2011	2657	TRATAMENTO DE RU OUTUBRO 2011	3.921,94€	1.22
SOGAMA	30/11/2011	2969	TRATAMENTO DE RU NOVIEMBRE 2011	3.690,42€	1.22
CIDE HCENERGIA	ANO 2011		FLUIDO ELECTRICO PISCINA, COLEXIOS, CENTROS DE SAUDE VARIOS MESES ANO 2011	11.142,42€	3.22
CIDE HCENERGIA	ANO 2011		FLUIDO ELECTRICO ALUMEADO PUBLICO VARIOS MESES ANO 2011	16.585,96€	1.22
GAS NATURAL SUR SDG, S.A.	05/10/2011		FLUIDO ELECTRICO ALPU, ETC, MES XULLO 2011	1.204,97€	1.22
GAS NATURAL SUR, SDG, S.A.	20/10/2011		FLUIDO ELECTRICO ALPU, ETC, MES AGOSTO 2011	3.403,24€	1.22
GAS NATURAL SUR, SDG, S.A.	15/12/2011		FLUIDO ELECTRICO ALPU, ETC, MES SETEMBRO 2011	2.767,44€	1.22
VISECART	29/12/2011	63174	TRANSPORTE DE EQUINO DENDE BASCOI ATA CERCEDA	225,15€	1.22
XUNTA DE GALICIA (CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS) EMPRESA PUBLICA DE OBRAS E SERVIZOS HIDRAULICOS	23/01/2012		DEBEDAS ANOS 2009,2010 E 2011 EN CONCEPTO DE COFINANCIAMENTO OBRA ABASTECIMIENTO DE AUGA A MESIA.	9.852,51€	9.45
			TOTAIS	73.484,93€	



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

SEGUNDO. *Aplicar, con cargo ao Presuposto do exercicio 2011 os correspondentes créditos por importe de 73.484,93 euros, con cargo as partidas 1.22, 3.22, 4.21 e 9.22, das cales realizouse a correspondente retención.*

En Mesía, a 30 de xaneiro de 2011. O Alcalde, Asdo.: Mariano Iglesias Castro."

Manifesta o Sr. Alcalde que, como vostedes saben, salvo o Sr. Raposo por ser o seu primeiro ano, no primeiro Pleno do ano tráense para o seu recoñecemento e aprobación unha serie de facturas que entraron nos últimos días do exercicio e as partidas xa estaban esgotadas, ou facturas que entraron no ano 2012 correspondentes ó ano anterior. O maior importe corresponde a fluído eléctrico e SOGAMA.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

7. DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN CUARTO TRIMESTRE EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

Manifesta o Sr. Alcalde que xa saben que este informe recolle uns estadios do programa de deputación no que se reflicten uns ratios, entre outros, os períodos de pago e o pendente de pago. Cabe salientar que non temos facturas pendentes de pago nin pagamos ningún tipo de interese de demora. O antedito informe estivo a disposición dos concelleiros na secretaría e non sei se queren facer algunha consideración ó respecto.

Manifesta o Sr. Álvarez que alégrome moito de que os pagos estean ó día, felicitacións. O Sr. Raposo tamén felicita ó Sr. Alcalde, quen o agradece.

8. RATIFICACIÓN DO II PLAN DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE MESÍA.

O Sr. Alcalde da conta da proposta que, de seguido, transcríbese literalmente:

"PROPOSTA Ó PLENO

Visto o II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Mesía elaborado cunha axuda concedida pola Secretaría Xeral de Igualdade ao abeiro da Resolución do 5 de abril de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades locais para a promoción da igualdade e se procede á súa convocatoria para o ano 2011.

Considerando que o contido do Plan de Igualdade do Concello de Mesía reflexa unha serie de intencións programáticas, sen carácter normativo, que inspirarán a acción do goberno deste concello nesta materia.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Visto que o antedito Plan aprobose en Xunta de Goberno Local de data 22 de decembro de 2011 para cumprir co requirimento da Secretaría Xeral de Igualdade co obxecto de completar a xustificación da subvención concedida, acordándose, no segundo punto do acordo, o sometemento ó Pleno para a súa ratificación.

É polo antedito polo que propoño ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

ÚNICO.- Ratificar a aprobación do II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Mesía en todo o seu contido, que rexerá durante un período de catro anos dende a súa aprobación.

En Mesía, a 30 de xaneiro de 2011 O Alcalde, Asdo./ Mariano Iglesias Castro”

O Sr. Alcalde pásalle a palabra á Sra. Sánchez, quen manifesta que este plan é un documento de obrigado cumprimento para obter subvencións da Consellería de Igualdade, que dende 2007 ata 2010 non nos deron nada. O primeiro Plan que temos é de 2005, e agora pediuse a subvención para elaborar un novo documento. O documento é sinxelo e recolle medidas para que se consigan mellores oportunidades para as mulleres e que a igualdade entre homes e mulleres sexa real. Podemos dicir que imos avanzando, pero aínda quedan pasos que dar. Tamén teño que dicir que si tivera a subvención hoxe, ó mellor facía outras cousas máis que o documento e con máis beneficio para as mulleres.

Sométese o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

Manifesta neste intre o Sr. Alcalde que, aínda que nesta ocasión non ven recollido na orde do día da sesión por omisión involuntaria, xa saben que, nas sesións ordinarias, se algún grupo quere, pola vía de urxencia, pode presentar algunha moción.

Non manifestándose nada ó respecto, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

9. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA (566/2011 a 630/2011 e do 1/2012 a 15/2012).

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

Non manifestándose nada máis ó respecto, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

10. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 10 E 24 DE NOVEMBRO, 9 E 22 DE DECEMBRO DE 2011, E 5 DE XANEIRO DE 2012.

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros teñen copia das actas, dálle a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

Pregunta o Sr. Álvarez pola denegación dunha solicitude feita por D. José Luis Varela, si ten que ver coa casa de turismo rural. Resposta o Sr. Alcalde que non que ver, e simplemente a solicitude non cumpría o que tiña que cumprir.

Non manifestándose nada máis ó respecto, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

11. ROGOS E PREGUNTAS.

Pregunta o Sr. Raposo polo número de empregados do concello a día de hoxe e si está ó tanto do estado en que se atopa unha pista paralela á autopista en Visantoña.

Resposta o Sr. Alcalde que non sei exactamente o número de empregados, pero direillo na próxima sesión. En canto á pista, sei que hai tempo se limpou, pero fai meses que non paso por aí, así que pasarei.

Tamén manifesta o Sr. Raposo que os camiños da Fraga de Visantoña están moi estropeados, indicando o Sr. Álvarez que hai deterioro na zona de carga.

Resposta o Sr. Alcalde que no acordo coa empresa constaba que reporía os camiños ó seu estado en caso de danos. Chamarei ó axente forestal para que todo quede como ten que quedar.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as tres horas e cinco minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario – Interventor, certifico.

Visto e Prace,